



NOVIDADES EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA INTRODUCIDAS POLAS LEIS 39/2015 E 40/2015

A implantación da tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia



Contexto

Lei 30/1992.
Artigo 45.
Incorporación de medios técnicos

1. As Administracións Públicas **impulsarán o emprego** e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que a utilización destes medios establecen a Constitución e as Leis.

Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos

Lei 11/2007.
Exposición de motivos

A Lei consagra a relación coas Administracións Públicas por medios electrónicos como un **dereito dos cidadáns** e como unha **obriga** correlativa para tales **Administracións**.

Plan de Modernización da Administración Pública 2010-2014

Lei 39/2015.
Exposición de motivos

“No entanto, no contorno actual, **a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das administracións**. Porque unha Administración sen papel baseada **nun funcionamento integramente electrónico** non soamente serve mellor os principios de eficacia e eficiencia, a aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados. En efecto, a **constancia de documentos e actuacións nun arquivo electrónico** facilita o cumprimento das obrigas de transparencia, pois permite ofrecer información puntual, áxil e actualizada aos interesados.”

Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020



Modernización da Administración pública:
cara á Administración electrónica

Plan de modernización: Avance 2011



Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes

Os resultados a finais de 2014:

DOG electrónico, rexistrados máis de **15 millóns** de visitas e máis de **45.000** anuncios

Creación da sede electrónica, **48%** dos procedementos se podían presentar de xeito electrónico, **57.000 presentacións** en sede electrónica.

Acreditación dixital do empregado público.


Máis de **422.000** documentos asinados electronicamente

Sistema único de rexistro implantado en **516** oficinas de rexistro propias da Xunta ou concertadas coas EELL, e integrado co Rexistro electrónico

Máis de **189.000 consultas** a través dos servizos de interoperabilidade

Catálogo con **450 portais e canles en redes sociais rexistrados/as**. Máis de **290** conxuntos de datos en Abert@s

15 servizos de mobilidade publicados nas diferentes plataformas de mobilidade



- Recoller os **principios e estratexias dos contextos europeos e estatais.**
- Desenvolver **as actuacións derivadas** de:
 - *“Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”.*
 - *“Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”*
 - *“Lei 1/2015, do 1 de Abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa Administración”.*
 - *“Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.”.*
- Novos **retos** neste eido:
 - *Do modelo de oferta ao modelo baseado na demanda*
 - *Interoperabilidade e colaboración interadministrativa*
 - *O goberno aberto e a mobilidade.*
 - *O dato, a información como activo relevante, tanto para a administración pública como para a cidadanía en xeral.*

A Comisión de seguridade da información e goberno electrónico regulada polo Decreto 73/2014 do 12 de xuño

As liñas básicas do proceso de modernización da Administración deben levarse a cabo mediante **actuacións transversais**.


A **comisión de seguridade e goberno electrónico** é o **órgano colexiado** ao máis alto nivel no sector público autonómico, responsable do impulso, coordinación e decisión no ámbito da seguridade da información e do goberno electrónico, no que **participan todas as consellerías**.

Esta comisión está presidida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Conta con 3 subcomisións:

- Seguridade
- Interoperabilidade e Administración Electrónica
- Presenza web e Goberno Aberto

DECRETO 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Ferramentas e plataformas

Para dar cumprimento ás obrigas que impón a nova normativa é preciso dispor de ferramentas axeitadas.

*Os documentos presentados de maneira presencial ante as administracións públicas deberán ser **dixitalizados**". (Art. 16.5)*

*Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das administracións deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a **transmisión telemática dos asentos rexistrados** e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros. (Art. 16.4)*




*Cada Administración deberá manter un **archivo electrónico único** dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados (Art. 17.1)*



*As administracións públicas emitirán os **documentos** administrativos por escrito, **a través de medios electrónicos**, a menos que a súa natureza exixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia. Para seren considerados válidos, os documentos electrónicos administrativos deberán:*

*...
e) Incorporar as **sinaturas electrónicas** que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable" (Art. 26.1)*



“Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, [...], sempre que o interesado expresase o seu consentimento [...]. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán obter os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o.” (Art. 28.2)



Plataforma de interoperabilidade e intermediación de datos

“As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.” (Art. 41.1)

“Con independencia de que a notificación se realice en papel ou por medios electrónicos, as administracións públicas enviarán un aviso ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico do interesado que este comunicase, informándoo da posta á disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou organismo correspondente ou no enderezo electrónico habilitado único. A falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.” (Art. 41.6)



Notifica.Gal

Sistema de Notificacións electrónicas de Galicia

“Cando o interesado for notificado por distintas vías, tomarase como data de notificación a daquela que se producise en primeiro lugar.” (Art. 41.7)

“Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición do interesado na sede electrónica da Administración ou organismo actuante para que poida acceder ao contido delas de forma voluntaria” (Art. 42.1)



Sede electrónica

Punto de Acceso Xeral

Dirección Electrónica Habilitada

Registro electrónico de apoderamentos

Registro de funcionarios habilitados

Portal de internet

Conceptos
legais?





Ferramentas?

Actos e
trámites?

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas establece algúns proxectos ou solucións nos que as CCAA e EELL deberán adherirse aos proxectos da Administración Xeral do Estado, salvo que xustificuen a súa non adhesión.

“Disposición adicional segunda. Adhesión das Comunidades Autónomas e Entidades Locais ás plataformas e rexistros da Administración Xeral do Estado.

Para cumprir co previsto en materia de

- rexistro electrónico de apoderamientos, 
- rexistro electrónico, 
- arquivo electrónico único, 
- plataforma de intermediación de datos e
- punto de acceso xeral electrónico da Administración, 


as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais **poderán adherirse voluntariamente** e a través de medios electrónicos ás plataformas e rexistros establecidos para o efecto pola Administración Xeral do Estado. **A súa non adhesión, deberá xustificarse en termos de eficiencia** conforme ao artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.”

“No caso que unha Comunidade Autónoma ou unha Entidade Local xustifique ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que pode prestar o servizo dun modo máis eficiente, de acordo cos criterios previstos no parágrafo anterior, e opte por manter o seu propio rexistro ou plataforma, as citadas Administracións deberán **garantir que este cumpre cos requisitos do Esquema Nacional de Interoperabilidade, o Esquema Nacional de Seguridade, e as súas normas técnicas de desenvolvemento**, de modo que se garanta a súa **compatibilidade informática e interconexión**, así como a transmisión telemática das solicitudes, escritos e comunicacións que se realicen nos seus correspondentes rexistros e plataformas.”

A Xunta de Galicia e o Ministerio de Facenda e Función Pública veñen traballando nun conxunto de proxectos que buscan dar solucións ás distintas imposicións normativas e transformar as Administracións Públicas facendoas máis eficientes e transparentes.

Estas ferramentas interactúan entre sí para dar servizo en distintos ámbitos. Así:

- A plataforma de Intermediación de datos do MinHap comunicase coa plataforma Pasaxe! da Xunta de Galicia
- A aplicación AIRES, que da soporte ao Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia, está integrada co sistema SIR do MinHfp para o intercambio de asentos rexistrados
- Notifica.Gal estase integrando co Punto de Acceso Xeral da AXE para ofrecer aos cidadáns acceso ás súas notificacións






Como acadar a implantación efectiva

Como acadar a implantación efectiva

A nova normativa ten un alto impacto organizativo e esixe:

- ✓ A definición de novos modelos e procesos de traballo e a adaptación normativa
- ✓ A adaptación das ferramentas tecnolóxicas utilizadas
- ✓ A definición de plans de implantación axeitados para os novos procesos
- ✓ A formación e divulgación aos empregados públicos
- ✓ A divulgación e apoio aos cidadáns e empresas





A implantación efectiva da tramitación electrónica supón unha **transformación** dos procesos de traballo, e polo tanto é fundamental facer énfase na

- Formación e divulgación ás persoas que realizan eses procesos
- Establecer criterios concretos e comúns para a aplicación das novas ferramentas

O uso das novas ferramentas debe vir acompañado de Plans de implantación que teñan en conta o impacto dos cambios en todos os aspectos e para todos os involucrados.

Estes Plans non só deben contemplar aspectos técnicos.



Información e divulgación

- A intranet corporativa como canle interna principal
- A sede electrónica e eServizos como canles externas

Formación

- Cursos reglados na EGAP
- Iniciativas formativas internas

Atención aos empregados públicos e cidadáns



Como acadar a implantación efectiva

Portada > O meu traballo > Ferramentas > Notifica.gal

Notifica.gal - Sistema de Notificación Electrónica de Galicia

Sistema de Notificación Electrónica de Galicia

Notifica.gal é o servizo que permite a cidadáns, empresas e administracións públicas galegas recibir a súa correspondencia electrónica das administracións públicas galegas.

A Xunta de Galicia pon a disposición o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, que permite realizar o envío e a xestión de notificacións electrónicas fidedignas, con xeración de evidencias comprobables de entrega polo emisor e a recepción polo destinatario, conforme a normativa vixente. O obxectivo é facilitar as relacións entre cidadáns e administracións galegas e mellorar a xestión administrativa.

O Sistema de Notificacións de Galicia - Notifica.gal está composto por dous portais:

Portal de envío de notificacións

Este portal permite ao persoal empregado público:

- O envío de notificacións electrónicas fidedignas, con xeración de evidencias comprobables de posta e disposición de notificación e recepción pola persoa destinataria, conforme a normativa vixente.
- A posta e disposición electrónica das notificacións enviadas en papel.
- O envío de avisos por correo electrónico e SMS sobre a posta e disposición electrónica dunha notificación.

Plan de implantación da notificación electrónica

Cando se practique a primeira notificación electrónica e unha persoa interesada obrigada a relacionarse exclusivamente por medios electrónicos, deberazelle de remitir así mesmo unha comunicación postal na que se avise de súa posta e disposición en Notifica.gal, de conformidade co "Plan de implantación da notificación electrónica na Xunta de Galicia" aprobado o 22 de decembro de 2016 polo Consello de Xunta de Galicia. Para realizar e devandita comunicación ten á súa disposición os seguintes modelos:

- Versión en galego
- Versión en castelán

Para saber máis sobre o Portal de envío de notificacións, pode consultar a **guía rápida do xestor**, na que se mostra paso a paso o proceso de envío de notificacións postal e electrónicas.

Así mesmo, pode consultar as respostas ás preguntas habituais sobre a práctica de notificación ou o envío de notificacións a través do documento de **preguntas frecuentes**.

No caso de **dúbdias legais** ou de criterio sobre a práctica de notificación deberá contactar coas persoas do seu organismo encargadas de resolver estas cuestións (servizo técnico xurídico ou quen corresponda).

Para calquera **dúbdia técnica** sobre o uso de plataforma Notifica.gal debe poñerse en contacto co Centro de Atención de Usuarios - CAU.

Portal das persoas interesadas

Este portal permite:

- Acceder ás notificacións enviadas pola Xunta de Galicia ou calquera das entidades locais adheridas a Notifica.gal cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).
- Autorizar a outra persoa e acceder no seu nome ás notificacións.
- Seleccionar o medio de notificación (postal ou electrónico) para cada procedemento.
- Actualizar os correos electrónicos e teléfonos que se utilizarán para os avisos de posta e disposición.

No caso de problemas técnicos ou de uso do portal das persoas interesadas, así como para calquera incidencia relacionada co acceso ás súas notificacións, os cidadáns poden utilizar a **guía rápida das persoas interesadas** ou contactar co servizo de atención ao cidadán de Xunta de Galicia (012).

Normativa relacionada

- Decreto 138/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependente (artigos 25 e 26)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Manuais e formularios

- Formulario de alta e baixa de usuario/a na aplicación (PDF)
- Formulario de alta e baixa de usuario/a na aplicación (ODT)
- Presentación
- Guía rápida do portal de envío de notificacións ás persoas interesadas
- Guía rápida das persoas interesadas

Preguntas frecuentes

- Preguntas frecuentes sobre o sistema Notifica.gal

Todas estas ferramentas teñen unha ficha específica na intranet corporativa. Velaquí un exemplo estándar no que se sinala como é a estrutura destas páxinas e que información se pode atopar nelas:

- 1 Nome da aplicación
- 2 Acceso directo á aplicación
- 3 Accesos destacados a outras versións da aplicación ou páxinas destacadas
- 4 Información sobre a utilidade e principais características da aplicación
- 5 Bloque (opcional) de información de contacto
- 6 Bloques (opcionais) para engadir documentos, ligazóns...

📄 Documentación

📄 Formularios de acceso

📄 Manuais de usuario/a

📄 Preguntas frecuentes

Algunhas aplicacións incorporan tamén videotutoriais



012

Soporte técnico de eServizos

Axudámosche!

1

Que tipo de problema ten?

SEGUIR EN OTRA PASO 1

- É un problema técnico ou informático, relacionado co funcionamento inadecuado dun servizo que estes empregando
- É un problema administrativo, relacionado coa información subministrada, os prazos ou calquera outra incidencia específica do procedemento (altas, certificados, notificacións,...)

[Continuar](#)

2

Sobre que servizo é a consulta?

SEGUIR EN OTRA PASO 2

- Sede electrónica
- Chave365
- Notifica.gal
- Sala de Sinaturas

[Volver](#) [Continuar](#)

3

Información de axuda sobre a Sede electrónica

SEGUIR EN OTRA PASO 3

Consulte se a Información de axuda dispoñible sobre a Sede electrónica dá resposta ao seu problema:

- Requirimentos técnicos
- Preguntas frecuentes

Si, resolvín o meu problema consultando a información de axuda dispoñible

Non, na información de axuda dispoñible non atopo resposta ao meu problema

[Volver](#) [Continuar](#)

4

Expoña a súa consulta

SEGUIR EN OTRA PASO 4

Empregue o seguinte formulario para expoñer a súa consulta técnica. Será respondido á maior brevidade posible. Lembre que o horario de atención deste servizo é de luns a venres de 8 a 20 h, excepto festivos. Os campos sinalados con asterisco (*) son obrigatorios.

Nome e apelidos / Razón social*

Nome e apelidos / Razón social

Tipo de usuario/a* **Teléfono***

Cidadán Empresa Entidade local Teléfono

Enderezo de correo electrónico* **Repetir enderezo de correo electrónico***

Enderezo de correo electrónico Repetir enderezo de correo electrónico

Horario de contacto*

Horario de contacto

Sistema operativo empregado* **Navegador empregado***

Sen especificar Sen especificar

Sistema de sinatura empregado

Sen especificar NIF asociado

URL na que se produciu a incidencia

URL na que se produciu a incidencia

Como identificar a URL

Consulta*. Dispón dun número limitado de caracteres (6.000)


Código de procedemento*

Código de procedemento


[Continuar](#) [+](#)

Non son un robot

[Volver](#) [Enviar](#)



Análise dun novo proceso ou procedemento





Soluciones implantadas: resultados e metas

En setembro de 2011 púxose en marcha a sede electrónica da Xunta de Galicia
<https://sede.xunta.es>


ORDE do 15 de setembro de 2011 pola que se aproba a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 1. *Ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia.*

1. O ámbito de aplicación [...] **a totalidade dos órganos da Administración xeral de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico.**
2. O desenvolvemento normativo previsto no Decreto 198/2010 [...], por medio do protocolo de creación de sedes electrónicas, poderá determinar a creación doutras sedes electrónicas



<https://sede.xunta.es/>



<https://sede.xunta.gal/>


The screenshot shows the website interface with the following elements and callouts:

- 1**: Callout pointing to the language selector (GALEGO | CASTELLANO).
- 2**: Callout pointing to the 'Chave 365' section.
- 3**: Callout pointing to the 'Carpeta do cidadán' section.
- 4**: Callout pointing to the 'Guía de procedementos e servizos' section.
- 5**: Callout pointing to the 'Información sobre a sede' section.
- 6**: Callout pointing to the 'Ligazóns de interese' section.
- 7**: Callout pointing to the footer area.

Website content includes: 'SEDE ELECTRÓNICA XUNTA DE GALICIA', navigation menu (PROCEDIMENTOS E SERVIZOS, SERVICIOS COMÚNS, etc.), 'Avisos' (15/11/16, 08:00 Chave365...), 'Carpeta do cidadán' (Expedientes e borradores), 'Chave365' (A sede sen certificado), 'Guía de procedementos e servizos' (Consulte todos os procedementos dispoñibles), 'Información sobre a sede' (Identificación da sede, Normativa, etc.), 'Ligazóns de interese' (Diario Oficial de Galicia, Plataforma de contratación, Factura electrónica), and footer (© Xunta de Galicia, Oficina de Rexistro e Información, etc.).

Utilidades da Sede

- 1** Acceso ao mapa da Sede e ao cambio de idioma da interface e dos contidos
- 2** Chave 365
Sistema de chaves concertadas
- 3** Carpeta do cidadán
Acceso aos borradores e situación dos expedientes.
- 4** Guía de procedementos e servizos. Formularios electrónicos.
Servizo de busca de procedementos na Guía e acceso directo aos máis recentes, máis consultados e últimos días.
- 5** Información sobre a Sede
Acceso directo á información máis relevante sobre a sede e principais utilidades
- 6** Ligazóns de interese
Destacados para accesos directos a servizos horizontais da Xunta
- 7** Principais utilidades
Accesos directos a contidos de axuda e principais utilidades da Sede





e! SEDE ELECTRÓNICA XUNTA DE GALICIA

PROCEDIMIENTOS E SERVIZOS SERVICIOS COMÚNS QUE É A SEDE? CARPETA DO CIDADÁN AXUDÁMOILLE

Estás en: Inicio > Procedementos e servizos > Listaxe de procedementos > TR820D

TR820D - Axudas a persoas traballadoras afectadas por expedientes de suspensión de contratos por causa de forza maior

Solicitud	Documentación	A onde acudir	Obxecto	Normativa
-----------	---------------	---------------	---------	-----------

Forma presentación

Tramitación en liña

 Iniciar presentación electrónica na sede 

Lembre que para completar a presentación deste procedemento poderá ser necesario engadir os anexos dispoñibles na sección "Anexos asociados", debidamente asinados.

Presencial

 Modelo de solicitude 

Datos solicitude

Prazo de presentación : 01/11/2016 - 30/11/2016.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, do 1 de novembro ao 30 de novembro de 2016 (ambos inclusive).

Prazo de resolución : Tres meses

Sentido do silencio administrativo : **Negativo**

 Versión en formato PDF

Prazo de presentación aberto
(01/11/2016 - 30/11/2016)

Tramitación en liña

 Iniciar presentación electrónica na sede

Tramitación presencial

 Modelo de solicitude

Anexos asociados »

Fase de solicitude

- > Anexo I
- > Anexo II
- > Anexo III

Fase de xustificación


- > Anexo IV

Procedementos relacionados

- > TR352A Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos

- Información da **guía de procedementos e servizos**: 1.390 procedementos catalogados
- **Presentación en rexistro electrónico** da documentación de inicio de expediente (solicitud e documentación complementaria).
- **Presentación en rexistro electrónico** da documentación en diferentes fases do expediente (trámites posteriores á solicitud).
- **Modelo xenérico de acceso ao rexistro electrónico**: PR004A, Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contengan un sistema electrónico específico nin un modelo electrónico normalizado.
- **Consulta do estado** de expediente.
- Verificación de documentos electrónicos.
- Autoservizo de certificados.

1.319
procedimientos
con
presentación
electrónica
(o 94%)




Nº de procedimientos	508	604	788	1.074	1.244	1.319
Porcentaxe	13,99%	38,64%	48,94%	70,84%	93,44%	94,89%



No 2017 máis de 164.000 presentacións de máis de 500 procedementos

3.979 presentacións do modelo xenérico dende 05/2017

Presentaciones en sede electrónica



	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
2016	5.110	7.031	6.567	8.006	7.187	6.382	6.932	8.210	10.606	8.288	8.431	7.193
2017	10.457	13.517	18.619	17.097	20.993	20.953	19.095	19.485	24.329	---	---	---

En setembro de 2015 púxose en marcha o sistema **Chave365** co obxectivo de dotar aos cidadáns dun mecanismo de identificación e sinatura electrónicas sinxelo e que ofrezca garantías de seguridade similares ao certificado electrónico e con plena validez xurídica.

Na “**ORDE do 6 de febreiro de 2014** pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia” establécese que:

“Os cidadáns poderán utilizar sistemas de identificación e firma **non baseados no uso de certificados electrónicos recoñecidos** nas actuacións administrativas para as que resulten proporcionais e seguros tendo en conta os datos e intereses afectados”.



Onde obter **Chave365?**

- **Rexistro electrónico** – Sede electrónica: <https://sede.xunta.es>
- Oficinas de rexistro e atención ao cidadán
- Centros de saúde do Sergas.

<http://sede.xunta.gal>


<http://www.xunta.gal/chave365>

<http://www.sergas.es/ESaude>



40.615
usuarios
registrados

400 oficinas
de registro



Próximos pasos:


- Carpeta das persoas xurídicas
- Canles orientadas a colectivos
- Facilitar as búsquedas de expedientes e a realización e trámites
- Acceso as notificacións
- Integración Cl@ve e sinatura na nube




O **Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.** Este decreto configura o Sistema Único de Rexistro, constituído por unha rede de oficinas:




- **Sistema único** para todo o sector público. **Unificación do funcionamento do rexistro** e establecemento do traballo en rede das oficinas de rexistro.
- Garantir tanto ao cidadán como a Administración pública, a **trazabilidade** da documentación presentada. **Reducir os tempos de tránsito** e volume de valixa.
- Automatización de procesos de identificación de asentos rexistrados mediante a utilización de códigos de barras identificativos.
- Integración das funcións de **dixitalización** da documentación presentada por cidadáns e empresas.
- Rexistro **interoperable con outras administracións. (SICRES v.3.0.)**



- **Dixitalización da documentación achegada** polo cidadán en soporte papel, para a conversión en documento dixital a integrar na xestión electrónica do expediente.




PROCESO DE DIXITALIZACIÓN



8 oficinas co proceso de dixitalización da documentación implantado


- **Prestación conxunta de servizos aos cidadáns: *Interconexión de rexistros.*** Integración do Sistema Único de Rexistro da Xunta de Galicia co **Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR)**, infraestrutura que interconecta as oficinas de rexistro das administracións públicas españolas permitindo o intercambio de asentos rexistrados e de documentos electrónicos en forma de comunicacións electrónicas seguras.



Asentos rexistrados e documentos adxuntos interoperables. Conforme ás normas técnicas desenvolvidas polo ENI e polo ENS



Nº de entradas no sistema de rexistro por canle



	Xan 17	Feb 17	Mar 17	Abr 17	Mai 17	Xuñ 17	Jul 17	Ago 17	Sep 17	TOTAL
Presencial	141.474	153.545	195.228	152.100	164.349	158.285	127.258	101.909	137.974	1.332.122
Electrónico	96.421	102.982	143.313	136.147	139.861	117.357	108.095	107.086	115.956	1.067.218
TOTAL	237.895	256.527	338.541	288.247	304.210	275.642	235.353	208.995	253.930	2.399.340




As ferramentas que permiten interactuar co Sistema Único de Rexistro son:

- 📄 **Aires:** a aplicación que utilizan os empregados e empregadas das oficinas de rexistro para realizar as anotacións de entrada e saída que se realizan presencialmente.
- 📄 **Rexel:** a aplicación que utilizan os empregados e empregadas das unidades administrativas para consultar as anotacións de entrada que van dirixidas a eles, xa foran estas presentadas nos rexistros presenciais ou no rexistro electrónico. E que permitirá tamén o envío de asentos electrónicos a outras unidades e administracións.
- 📄 **Rexistro electrónico:** a aplicación coa que se comunican distintas aplicacións que usan cidadáns e cidadás para realizar anotacións no Rexistro Electrónico.



A interoperabilidade revélase como unha das grandes oportunidades actuais para a mellora dos servizos públicos. Permite **reducir as esixencias de documentación que historicamente veñen facendo aos cidadáns e empresas**, permitindo á súa vez **aforrar importantes esforzos** tanto a estes, como á propia Administración.

PasaXe! é o **Nodo de Interoperabilidade de Galicia** que permite establecer as condicións técnicas, organizativas e xurídicas para o intercambio de información entre as administracións, evitando ao cidadán achegar documentación que xa obra en poder delas de acordo á normativa vixente, ou habilitando verificacións autorizadas.



A nova normativa establece a obriga da interoperabilidade entre Administracións

“Artigo 28. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo.
[...]

2. Os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, [...] sempre que o interesado expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. **Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.**

En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán obter os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.”


COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.


	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="radio"/>
Título universitario correspondente	<input type="radio"/>
Acreditación do curso de perfeccionamento de galego ou Celga 4	<input type="radio"/>




- “Resolución de 28 de junio de 2012, de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, por la que se aprueba la **Norma Técnica de Interoperabilidad de Protocolos de intermediación de datos**”. Establece **os roles** que participan nos intercambios intermediados de datos, así como **as condicións relativas** a estes procesos.



Nº de consultas a Servizos de Interoperabilidade



	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
2016	143.553	87.071	121.784	160.014	165.853	643.825	331.264	105.386	257.691	224.884	173.427	234.134	2.648.886
2017	90.691	178.869	252.510	188.429	251.622	626.110	289.834	351.828	353.558	---	---	---	2.583.451



Interoperabilidade de datos e documentos

48 certificados

- 43 AXE


- 1 CCAA

- 4 Xunta

ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO	Servizo
Ministerio de Facenda e Administracións públicas	Consulta de datos de Residencia Legal
Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación	Consulta de sinaturas para a legalización diplomática de documentos públicos estranxeiros
Ministerio de Educación	Consulta de títulos oficiais non universitarios
	Consulta de títulos oficiais universitarios
	Consulta de Inexistencia de Antecedentes Penais por Delitos Sexuais
Ministerio de Xustiza	Consulta de defunción
	Consulta de matrimonio
	Consulta de nacemento
AEAT	Certificado da renda
	Certificado de domicilio fiscal
	Estar ao Corrente de Pagamento coa AEAT para Contratos coas Administracións Públicas (con incumprimentos)
	Estar ao Corrente de Pagamento coa AEAT para Autorización de licenzas de transporte (con incumprimentos)
	Estar ao Corrente de Pagamento coa AEAT para Subvencións e Axudas (con incumprimentos)
	Imposto de actividades económicas
	Consulta de nivel de renda
Dirección Xeral da Policía	Validación de NIF
Dirección Xeral do Catastro	Consulta de datos de identidade
	Consulta de bens inmoables
	Consulta de datos catastrais
IMSERSO	Obtención de certificación descritiva e gráfica de inmoables
	Certificación de titularidade
Instituto Nacional de Estatística	Consulta do grado e nivel de dependencia
Instituto Nacional da Seguridade Social	Consulta de datos de residencia con data de última variación padroal
	Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade
Servizo Público de Emprego Estatal	Estar Inscrito como Demandante de Emprego a Data Concreta
	Estar Inscrito como Demandante de Emprego a Data Actual
	Importes de prestacións de desemprego percibidos a data actual
	Importes de prestacións de desemprego percibidos nun período
	Situación actual de desemprego
Tesorería Xeral da Seguridade Social	Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social
	Alta en data na Seguridade Social

2017
2,5 millóns
de
Consultas

Nº de consultas a Servizos de Interoperabilidade por Organismo cedente (2017)



	2015	2016	2017	TOTAL
Servizo Público de Emprego Estatal	3.311	8.841	10.558	20.710
AEAT	589.577	1.012.123	759.229	2.340.929
Instituto Nacional de Estadística	38.325	54.801	41.308	134.434
Instituto Nacional da Seguridade Social	1.825	11.287	13.646	26.758
Tesorería Xeral da Seguridade Social	35.157	50.583	52.257	137.997
IMSERSO	13	10	67	90
Consello Xeral do Notariado	---	---	14	14
Xunta de Galicia	1.184	30.298	40.078	71.560
Ministerio de Xustiza	899.524	952.043	1.208.059	2.859.626
Dirección Xeral da Policía	488.553	482.508	396.134	1.365.195
Ministerio de Educación	914	2.105	30.439	33.458
Dirección Xeral do Catastro	46.849	45.870	29.991	122.710
Ministerio de Facenda e Administracións públicas	290	417	1.871	2.378




Mapa de interoperabilidade

Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes:

Artigo 37º.-Mapa da interoperabilidade das administracións galegas.

1. Poranse á disposición do resto de administracións públicas as condicións de acceso e utilización dos servizos, datos e documentos en formato electrónico, especificando as finalidades, as modalidades de consumo, consulta ou interacción, os requisitos que deben satisfacer as posibles persoas usuarias destes, os perfís dos participantes implicados na utilización dos servizos, os protocolos e criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos devanditos servizos, os necesarios mecanismos de goberno dos sistemas interoperables, así como as condicións de seguridade aplicables.

2. Para estes efectos, elaborárase un inventario de documentos e datos requiridos pola Xunta de Galicia e as entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto que conformarán o «Mapa da interoperabilidade das administracións galegas», que quedará recollido no inventario de información administrativa.




O Sistema de Notificación de Galicia, **Notifica.gal**, é unha aplicación deseñada conforme aos criterios establecidos para a práctica da notificación pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O sistema facilita ás Administracións Públicas:

- 📄 O envío de notificacións electrónicas fidedignas, con xeración de evidencias comprobables da entrega polo emisor e a recepción polo destinatario, conforme á normativa vixente.
- 📄 A posta a disposición electrónica das notificacións enviadas en papel.
- 📄 O envío de avisos por correo electrónico e SMS sobre a posta á disposición electrónica dunha notificación no buzón do interesado.

Así mesmo, permite aos interesados:

- 📄 Dar de alta o seu buzón (ou dirección electrónica habilitada) en Notifica.gal.
- 📄 Acceder electronicamente ao contido das notificacións que se lle envíen.
- 📄 Elixir a canle de notificación electrónica como canle preferente para a práctica da notificación nos procedementos dados de alta en Notifica.gal, así como cambiala en calquera momento.
- 📄 Modificar os datos de correo electrónico e teléfono móbil nos que recibirá os avisos da posta a disposición electrónica dunha notificación.
- 📄 Autorizar a outras persoas a acceder ou rexeitar notificacións no seu nome.




Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notifica.gal)

Proceso de envío de notificaciones


Os organismos ou unidades administrativas poderán enviar notificacións:

- A través do portal de envío de notificacións, xuntando os datos dos/as destinatarios/as e os documentos a notificar.




- A través das súas aplicacións de tramitación, no caso de que estas se conecten automaticamente ao sistema.

Nº de notificaciones emitidas unicamente electrónicas



	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	TOTAL
2016	2.193	3.296	1.956	2.652	2.487	2.039	2.810	1.254	2.461	2.303	3.862	3.168	30.481
2017	2.663	5.222	6.170	7.142	9.315	11.116	11.164	11.150	15.386	---	---	---	79.328



Próximos pasos


- Integración completa coa sede electrónica
- Acceso e sinatura con Chave365
- Integración coa carpeta do cidadán no Punto de Acceso Xeral da Administración Xeral do Estado
- Servizos de descarga automatizada para outras administracións e empresas




A *Resolución conxunta do 15 de decembro de 2014, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura*, pola que se aproba o **marco de referencia do Arquivo dixital integrado de Galicia** aproba o ámbito de creación e desenvolvemento do Arquivo dixital de Galicia que se estrutura en dous ámbitos diferenciados:

- O Arquivo electrónico administrativo
- O Arquivo electrónico do patrimonio documental







	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñi	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	TOTAL
2016	12.236	42.123	39.944	42.434	40.899	39.463	38.486	44.290	56.833	42.480	43.262	38.402	480.852
2017	50.421	70.772	103.743	77.949	102.367	105.926	108.028	101.144	134.220	---	---	---	854.570

1 millón de documentos no arquivo









Plan de trabajo

- Consolidación da implantación do arquivo electrónico que permita a xestión 100% electrónica dos procedementos administrativos e simplifique o acceso a documentación.
- Avance na implantación da dixitalización nas oficinas de rexistro.

Novo modelo de prestación de servizos nas oficinas de rexistro.

- Emisión de copias.
- Funcionarios habilitados.
-



Redeseño dos modelos de atención ao cidadán, coa habilitación de novas canles e servizos. Transparencia e reutilización da información.

Posta en marcha dunha nova sede electrónica:

- Usabilidade.
- Segmentación de contidos en base a colectivos ou intereses.
- Capacidades de personalización.
- Facilidades para evitar barreiras tecnolóxicas

- Evolución das iniciativas existentes cara a súa implantación efectiva na totalidade dos procedementos e adecuación progresiva aos preceptos do novo marco normativo.
- Formación interna
- Divulgación aos cidadáns

- Completar e ampliar a carpeta do cidadán e novos servizos vinculados á carpeta
- Integración coa carpeta do Punto de Acceso Xeral da AXE
- Utilidades específicas para profesionais e persoas xurídicas

